

VIGO

Expertos internacionais debaten no Atlantic Workshop Energy

la voz | vigo

No pleno debate do Goberno con Fenosa sobre o canon eléctrico, os efectos no medio ambiente da produción enerxética centrarán o II Obradoiro que o grupo Rede (Research in Economics, Energy and the Environment) desenvolverá na Illa da Toxa dende mañá ata o mércores.

O encontro, financiado pola Universidade, Iberdrola e a Xunta, contará coa participación de 25 expertos internacionais que analizarán as consecuencias da explotación da enerxía cos seus custos externos, así como a elaboración de políticas públicas correctoras.

Ademáis, as sesións de traballo abordarán a efectividade destes programas, moi necesarios no caso español.

Obradoiro 2004

Se o anterior obradoiro, celebrado no 2004, afondou no cambio climático, as xornadas desta edición abordarán, segundo expón o profesor do Departamento de Economía Aplicada e membro do Comité Científico, Xavier Labandeira, «unha visión máis xenérica dos cambios ambientais provocados polo mercado enerxético, a incluír tanto a demanda como a oferta e dispoñibilidade dos recursos».

Entre os participantes, figuran investigadores de renome como Charles D. Kolstad da Universidade de Santa Barbara en California, que incidirá nos impactos do sector enerxético no medio ambiente e medidas pertinentes ou Eirik S. Amudsen da Universidade de Bergen, en Noruega, especializado en sistemas de incentivos deseñados para as eléctricas.

Actividades

Relatorios e debates salientarán as repercusións da actividade da produción de enerxía e non recoñecidos polo mercado, que non computa as consecuencias no contorno en todos os sectores.

Labandeira precisa que a o obradoiro desenvólvese «nun momento significado, no que o Goberno está a considerar unha reforma fiscal verde, cando temos un gran problema coas emisións de CO2 e en Galicia débátese sobre as compensacións ás que estarían obrigadas as eléctricas».

autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177